



# **INFORME SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DO DEPORTE NOS CONCELLOS GALEGOS**

OBSERVATORIO GALEGO DO DEPORTE DO CLÚSTER GALEGO DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR

## **Colección Informes**

Nº 6/2024

A Coruña

## **Edición**

Observatorio Galego do Deporte

Clúster da Industria do deporte e o benestar de Galicia

## **Autoría**

Carla da Silva Castro

Eduardo Blanco Pereira

José Manuel Amado Abelenda

Cristian Florín Gavril

Eduardo Agulló Canosa

Sofía Toro Prieto-Puga

## **Convenio e colaboración**

Asociación Galega de Xestión Deportiva (AGAXEDE)

Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)

## **Ilustracións**

[www.freepik.es](http://www.freepik.es)

## **ISSN**

3020-9544

## ÍNDICE

<b>ÍNDICE DE GRÁFICOS .....</b>	<b>5</b>
<b>ÍNDICE DE TÁBOAS.....</b>	<b>7</b>
<b>1. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>8</b>
<b>2. OBXECTIVOS.....</b>	<b>10</b>
<b>3. METODOLOXÍA.....</b>	<b>11</b>
3.1. Ficha técnica.....	11
3.2. Instrumento e procedemento .....	11
3.3. Procesamento dos datos .....	12
<b>4. CARACTERÍSTICAS DA MOSTRA.....</b>	<b>13</b>
4.1. Distribución da mostra segundo as provincias de pertenza dos municipios.....	13
4.2. Distribución da mostra por tramos de poboación .....	14
4.3. Distribución da mostra segundo o cargo da persoa que cubre o cuestionario .....	15
4.4. Distribución da mostra segundo o sexo da persoa que cubre o cuestionario .....	16
<b>5. CARACTERÍSTICAS PROFESIONAIS DO POSTO DE PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO .....</b>	<b>17</b>
5.1 Existencia dun posto de traballo de persoal técnico deportivo .....	17
5.2. Grupo ou clasificación profesional do persoal técnico deportivo .....	20
5.3. Titulación académica do persoal técnico deportivo .....	23
<b>6. FORMA DE XESTIÓN EMPREGADA .....</b>	<b>25</b>
6.1. Tipos de xestión directa do deporte .....	26
6.2. Figuras xurídicas empregadas na xestión indirecta do deporte .....	29
6.3. Ámbitos nos que se emprega a xestión indirecta do deporte .....	31

<b>7. PLANIFICACIÓN DO DEPORTE .....</b>	<b>33</b>
7.1. Plan estratéxico .....	33
7.2. Plan director de actividades e servizos deportivos .....	35
7.3. Plan director de instalacións deportivas .....	37
<b>8. REDE DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS .....</b>	<b>41</b>
8.1. Adecuación da cantidade de instalacións e equipamentos deportivos ás necesidades da poboación .....	41
8.2. Estado e conservación das instalacións e espazos deportivos municipais .....	42
<b>9. RECURSOS DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES .....</b>	<b>44</b>
9.1. Persoal deportivo municipal .....	44
9.2. Orzamento .....	45
<b>10. NECESIDADES DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES .....</b>	<b>46</b>
<b>11. CONCLUSIÓNS.....</b>	<b>51</b>
<b>REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.....</b>	<b>55</b>

ÍNDICE DE GRÁFICOS

**Gráfico 1.** Distribución da mostra segundo a provincia ..... 13

**Gráfico 2.** Distribución da mostra por tramos de poboación ..... 14

**Gráfico 3.** Distribución da mostra por cargo da persoa que cubre o cuestionario ..... 15

**Gráfico 4.** Percentaxe de distribución da mostra por cargo en función da provincia ..... 15

**Gráfico 5.** Percentaxe de distribución da mostra por cargo en función da provincia en función do tamaño..... 16

**Gráfico 6.** Distribución da mostra por sexo ..... 16

**Gráfico 7.** Municipios nos que existe persoal técnico deportivo ..... 17

**Gráfico 8.** Percentaxe de municipios nos que existe persoal técnico deportivo municipal segundo a provincia..... 18

**Gráfico 9.** Percentaxe de postos de persoal técnico deportivo municipal segundo a provincia ..... 18

**Gráfico 10.** Percentaxe de municipios nos que existe persoal técnico deportivo municipal segundo o tamaño ..... 19

**Gráfico 11.** Percentaxe de postos de persoal técnico deportivo municipal segundo o tamaño do municipio ..... 20

**Gráfico 12.** Percentaxe de municipios nos que existen postos de cada grupo e percentaxe do total de postos de cada grupo existentes..... 21

**Gráfico 13.** Percentaxe de postos de persoal técnico deportivo segundo o seu grupo profesional e provincia ..... 22

**Gráfico 14.** Percentaxe de postos de persoal técnico deportivo segundo o seu grupo profesional e tamaño do municipio ..... 22

**Gráfico 15.** Percentaxe de persoal técnico deportivo segundo a súa titulación académica ..... 23

**Gráfico 16.** Percentaxe de persoal técnico deportivo segundo a súa titulación académica e provincia ..... 24

**Gráfico 17.** Percentaxe de persoal técnico deportivo segundo a súa titulación académica e tamaño do municipio ..... 24

**Gráfico 18.** Percentaxe de uso dos diferentes tipos de xestión (resposta múltiple)..... 25

**Gráfico 19.** Percentaxe de uso dos diferentes tipos de xestión directa (resposta múltiple)..... 27

**Gráfico 20.** Percentaxe de uso dos diferentes tipos de xestión directa segundo a provincia (resposta múltiple)..... 28

**Gráfico 21.** Percentaxe de uso dos diferentes tipos de xestión directa segundo o tamaño do municipio (resposta múltiple) ..... 28

**Gráfico 22.** Percentaxe de uso dos diferentes tipos de xestión indirecta (resposta múltiple)..... 29

**Gráfico 23.** Percentaxe de uso dos diferentes tipos de xestión indirecta segundo a provincia (resposta múltiple) ..... 30

**Gráfico 24.** Existencia de Plan Estratéxico no municipio..... 33

**Gráfico 25.** Percentaxe de existencia de Plan Estratéxico segundo o tamaño do municipio ..... 34

**Gráfico 26.** Existencia de Plan director de actividades e servizos deportivos ..... 35

**Gráfico 27.** Percentaxe de existencia de Plan director de actividades e servizos deportivos segundo o tamaño do municipio ..... 36

**Gráfico 28.** Existencia de Plan director de instalacións deportivas..... 37

**Gráfico 29.** Percentaxe de existencia de Plan director de instalacións deportivas segundo a provincia..... 38

**Gráfico 30.** Percentaxe de existencia de Plan director de instalacións deportivas segundo o tamaño do municipio ..... 39

**Gráfico 31.** Adecuación da cantidade de instalacións e equipamentos deportivos ás necesidades da poboación ..... 41

**Gráfico 32.** Estado e conservación das instalacións e espazos deportivos municipais ..... 42

<b>Gráfico 33.</b> Adecuación da cantidade de persoal deportivo municipal ás necesidades e demandas do concello .....	44
<b>Gráfico 34.</b> Puntuación media da valoración das necesidades do servizo municipal de deportes .....	46
<b>Gráfico 35.</b> Puntuación media da valoración das necesidades do servizo municipal de deportes segundo a provincia .....	47
<b>Gráfico 36.</b> Puntuación media da valoración das necesidades do servizo municipal de deportes segundo o tamaño do municipio.....	48
<b>Gráfico 37.</b> Puntuación media da valoración das necesidades do servizo municipal de deportes segundo a existencia de persoal deportivo .....	49

ÍNDICE DE TÁBOAS

**Táboa 1.** Ficha técnica do estudo ..... 11

**Táboa 2.** Comparación municipios galegos totais con municipios participantes no estudo segundo provincia..... 13

**Táboa 3.** Comparación municipios galegos totais con municipios participantes no estudo segundo tamaño ..... 14

**Táboa 4.** Comparación porcentaxe segundo sexo e cargo ..... 16

**Táboa 5.** Existencia de persoal técnico deportivo municipal segundo a provincia ..... 17

**Táboa 6.** Existencia de persoal técnico deportivo municipal segundo o tamaño ..... 19

**Táboa 7.** Diferenzas no emprego da xestión indirecta segundo o tamaño do municipio ..... 25

**Táboa 8.** Diferenzas no emprego da xestión indirecta segundo o grupo (A1)..... 26

**Táboa 9.** Diferenzas no emprego da xestión indirecta segundo o grupo (C2) ..... 26

**Táboa 10.** Diferenzas no emprego da xestión directa a través de organismo autónomo local segundo a provincia ..... 27

**Táboa 11.** Diferenzas no emprego da xestión directa por organismo autónomo local segundo a titulación académica ..... 29

**Táboa 12.** Diferenzas no emprego da xestión indirecta a través de concerto en función da provincia ..... 30

**Táboa 13.** Diferenzas no emprego da xestión indirecta das instalacións deportivas segundo o tamaño do municipio..... 31

**Táboa 14.** Diferenzas no emprego da xestión indirecta das instalacións deportivas segundo a existencia de persoal técnico deportivo ..... 32

**Táboa 15.** Diferenzas na existencia de Plan Estratéxico segundo o tamaño do municipio ..... 34

**Táboa 16.** Diferenzas na existencia de Plan Estratéxico segundo o grupo profesional ..... 35

**Táboa 17.** Diferenzas na existencia de Plan director de actividades e servizos deportivos segundo o tamaño do municipio ..... 36

**Táboa 18.** Diferenzas na existencia de Plan director de actividades e servizos deportivos segundo a existencia de persoal técnico deportivo..... 37

**Táboa 19.** Diferenzas na existencia de Plan director de instalacións deportivas segundo a provincia ..... 38

**Táboa 20.** Diferenzas na existencia de Plan director de instalacións deportivas segundo o tamaño do municipio ..... 39

**Táboa 21.** Diferenzas na existencia de Plan director de instalacións deportivas segundo a existencia de persoal técnico deportivo ..... 40

**Táboa 22.** Diferenzas na valoración da adecuación da cantidade de instalacións e equipamentos deportivos segundo o grupo profesional ..... 42

**Táboa 23.** Diferenzas na valoración do estado e da conservación das instalacións e equipamentos deportivos segundo o grupo profesional ..... 43

**Táboa 24.** Diferenzas na valoración da adecuación da cantidade de persoal deportivo segundo a provincia ..... 44

**Táboa 25.** Diferenzas na valoración da adecuación da cantidade de persoal deportivo segundo o tamaño do municipio ..... 45

**Táboa 26.** Diferenzas na valoración do orzamento dedicado ao servizo municipal de deportes segundo o grupo profesional ..... 45

## 1. INTRODUCCIÓN

Un rápido paseo pola historia dos servizos deportivos municipais durante os máis de 45 anos desde que se aprobou a Constitución Española, en 1978, confirmaríanos que **o escenario actual do ecosistema deportivo de ámbito municipal en Galicia é radicalmente diferente ao existente naquelas datas**. A razón desta circunstancia débese a que o ecosistema deportivo de calquera ámbito territorial non constitúe unha foto fixa, polo contrario, é dinámico e está en permanente mutación, de aí a importancia de realizar unha análise e diagnóstico da súa situación para un coñecemento rigoroso dos seus elementos estruturais.

Cabe agora preguntarse que competencia en materia deportiva teñen os municipios galegos. En primeiro lugar, temos que dicir que *“A Constitución garante a autonomía dos municipios”*, o que **lle dá ao municipio no seu ámbito territorial o dereito de intervir nos asuntos en materia deportiva que afecten directamente aos seus intereses**, con respecto ás competencias doutras administracións públicas. De maneira máis concreta, a lexislación estatal de réxime local dispón que as instalacións deportivas son un dos servizos que deben prestar obrigatoriamente os municipios de máis de 20.000 habitantes, pero a Lei do deporte de Galicia (1) establece outro criterio poboacional, **senalando**

**que os municipios galegos a partir de 5.000 habitantes terán unha “área de deportes”**. A mesma lei, entre outras, recolle como competencias dos municipios:

- **Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas** de titularidade municipal.
- Procurar que nos plans de ordenación urbanística se establezan as **reservas de espazos e cualificacións de zonas para a práctica do deporte**, así como a instalación de equipamentos deportivos e **levar un censo actualizado no seu ámbito territorial de instalacións deportivas de uso público, tanto de titularidade pública coma privada**.
- **Fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial**, especialmente nos centros de ensino, barrios e centros de traballo.

Por outro lado, o artigo 39.2 dispón que *“Os xestores deportivos responsables de deseñar, planificar, programar, coordinar e supervisar as actividades deportivas que se desenvolvan no seu ámbito de actuación **deberán, para o desempeño de calquera posto de responsabilidade na organización e dirección de programas e instalacións deportivas, contar coa adecuada titulación**”*.



O ecosistema deportivo está formado por uns elementos que terán maior ou menor influencia, segundo o ámbito territorial e a natureza pública ou privada, que xeran unhas interrelacións complexas. Os elementos constitutivos máis significativos son a **ordenación xurídica do deporte**, a **estrutura deportiva**, a **infraestrutura deportiva**, os **recursos económicos** e os **medios persoais**. Todos estes elementos son obxecto deste estudo, para así coñecer a realidade e necesidades da xestión deportiva dos municipios na Comunidade Autónoma de Galicia.

A xestión pública do deporte que teñen que facer os municipios **debe partir dunha planificación seria**, porque sen ela non existen obxectivos nin estratexias, e dará lugar a unha xestión feita como si se levara unha venda nos ollos. O ecosistema deportivo cambiará, pero non podemos asegurar que para mellor, pois **a falta dun plan estratéxico ou planes directores do deporte no ámbito municipal, fai que a improvisación se converta no método ordinario de xestión**.

**Eduardo Blanco Pereira**

Presidente Asociación Galega de Xestión Deportiva (AGAXEDE)

**José Manuel Amado Abelenda**

Presidente Clúster da Industria do deporte e o benestar de Galicia

### 2. OBXECTIVOS

O obxectivo principal deste estudo é coñecer a situación actual da xestión deportiva nos municipios galegos, en temas relacionados coa xestión dos servizos deportivos municipais, as instalacións, os medios persoais, o orzamento e os plans existentes na área de deportes de cada concello participante.

En canto aos obxectivos específicos, plantexáronse os seguintes:

- Coñecer a situación laboral do persoal técnico de deportes nos concellos.
- Analizar a forma de xestión empregada nos servizos municipais de deporte.
- Identificar os plans existentes en relación á xestión deportiva nos municipios.
- Valorar a situación actual da rede de instalacións e equipamentos deportivos municipais.
- Coñecer os recursos persoais e económicos destinados á area de deporte.
- Identificar as necesidades e demandas máis urxentes en materia deportiva.
- Comparar os resultados obtidos en función da provincia, o tamaño, a existencia de persoal deportivo municipal, e o seu grupo profesional e titulación académica.
- Ofrecer información para a elaboración de políticas públicas que contribúan a mellorar a situación actual da xestión deportiva nos municipios galegos.

### 3. METODOLOXÍA

Esta investigación xurde da publicación “Estudio sobre la situación actual del deporte municipal en los ayuntamientos de la Comunidad Valenciana” (1) realizada pola Asociación de Gestores Deportivos Profesionales de la Comunidad Valenciana (GEPACV), en colaboración coa Federación Valenciana de Municipios y Provincias (FVMP).

Deste xeito, no presente traballo trátase de replicar o estudo elaborado pola GEPACV no territorio galego, sendo esta unha investigación descritiva e transversal realizada a través dunha enquisa online. A enquisa foi adaptada do estudo de GEPACV, tendo en conta a realidade social e legislativa de Galicia.

#### 3.1. Ficha técnica

Na seguinte táboa resúmense os datos principais do estudo.

**Táboa 1.** Ficha técnica do estudo

<b>Ámbito</b>	Comunidade Autónoma de Galicia
<b>Universo</b>	313 municipios
<b>Mostra</b>	116 municipios
<b>Erro mostral</b>	Nivel confianza 95%, erro mostral 7,3%
<b>Toma de datos</b>	Do 12 de abril ao 9 de maio de 2024

#### 3.2. Instrumento e procedemento

A enquisa empregada por GEPACV foi adaptada á realidade galega por un grupo de persoas expertas vinculadas ao Clúster da Industria do deporte e o benestar de Galicia e á Asociación Galega de Xestión Deportiva (AGAXEDE).

Deste xeito, o cuestionario final constou de 24 preguntas. Destas, 2 eran abertas, 18 pechadas (unha delas empregouse como filtro), 3 de resposta múltiple e 1 pregunta pechada cunha das opcións aberta.

O primeiro envío foi difundido aos 313 concellos galegos a través da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), entidade que fixo un envío posterior a este. Ademais, tanto desde o Clúster da Industria do deporte e o benestar de Galicia como desde AGAXEDE fíxose outro envío unha semana despois coa fin de recadar un número maior de respostas. No correo electrónico enviado constaba unha breve explicación do estudo e a ligazón á plataforma Google Forms, onde estaba aloxado o cuestionario. No inicio do mesmo figuraba o público ao que estaba dirixido e a duración aproximada. Tamén especificaba que a participación no estudo era voluntaria, e que a información sería tratada de forma confidencial de acordo á política de protección de datos indicada. Por último, sinalábase que os datos obtidos poderían ser empregados con fins de docencia, investigación, publicación científica e/ou divulgación.

#### **3.3. Procesamento dos datos**

Para a análise dos datos, estes foron volcados no software IBM SPSS Statistics v.15. Inicialmente realizouse unha análise descritiva da mostra, e posteriormente levouse a cabo unha análise dos resultados segundo os obxectivos do estudo. Para isto, executouse unha análise descritiva das variables desta investigación, e posteriormente empregáronse probas non paramétricas para identificar a existencia de diferenzas significativas entre as respostas. Entre estas probas, usáronse as táboas de continxencia e os valores da V de Cramer e do coeficiente de continxencia para estudar a dependencia entre variables; a proba de Mann-Whitney ou o test de Kruskal-Wallis para a comparación de variables en función dos factores contextuais; e a proba de Friedman para medidas repetidas.


## 4. CARACTERÍSTICAS DA MOSTRA

Neste estudo participaron 116 municipios galegos, o que supón un 37,1% do total dos 313 concellos existentes en Galicia.

### 4.1. Distribución da mostra segundo as provincias de pertenza dos municipios

No referido á distribución da mostra segundo as provincias de pertenza dos municipios, a meirande parte correspondían á provincia da Coruña (50,9%), mentres que as outras tres provincias galegas non acadaron un 20% de representación.

**Gráfico 1.** Distribución da mostra segundo a provincia



**Táboa 2.** Comparación municipios galegos totais con municipios participantes no estudo segundo provincia


Provincia	Municipios totais		Municipios estudo	
	N	%	N	%
A Coruña	93	29,8	59	50,9
Lugo	67	21,4	14	12,1
Ourense	92	29,4	22	19,0
Pontevedra	61	19,5	21	18,1
<b>Total</b>	<b>313</b>	<b>100,0</b>	<b>116</b>	<b>100,0</b>

Esta distribución non coincide co número total de municipios existentes segundo provincia, tal e como se pode apreciar na táboa 2, polo que cabe destacar que neste estudo hai unha sobre representación de municipios pertencentes á provincia da Coruña.

### 4.2. Distribución da mostra por tramos de poboación

Para establecer os tramos de poboación tivéronse en conta as obrigas dos municipios en materia de prestación de servizos deportivos segundo o seu tamaño. Así, a Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia (2) establece que os concellos de máis de 5.000 habitantes deben ter unha área de deportes co fin de contribuír á actividade físico-deportiva de toda a cidadanía, garantindo o pleno aproveitamento social das instalacións. Pola súa parte, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (3) sinala que os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes deben contar con instalacións deportivas de uso público. Deste xeito, fixéronse os seguintes tramos de poboación: menos de 5.000 habitantes, entre 5.000 e 20.000 habitantes, e máis de 20.000 habitantes. En base a isto, a distribución da mostra segundo estes tramos de poboación queda tal e como se mostra no gráfico 2.

**Gráfico 2.** Distribución da mostra por tramos de poboación



**Táboa 3.** Comparación municipios galegos totais con municipios participantes no estudo segundo tamaño

Provincia	Municipios totais		Municipios estudo	
	N	%	N	%
Menos de 5.000 habitantes	201	64,2	58	50,0
Entre 5.000 e 20.000 habitantes	89	28,4	45	38,8
Máis de 20.000 habitantes	23	7,3	13	11,2
<b>Total</b>	<b>313</b>	<b>100,00</b>	<b>116</b>	<b>100,0</b>

De igual forma que no apartado anterior, a distribución segundo tamaño dos municipios participantes neste estudo non coincide coa distribución total dos municipios galegos; se ben é certo que os valores achéganse máis que no caso das provincias.

4.3. Distribución da mostra segundo o cargo da persoa que cubre o cuestionario

As persoas que cubriron o cuestionario tiñan un dos seguintes roles: concelleiro/a, alcalde ou alcaldesa, ou técnico/a de deportes. Na maioría dos casos, a enquisa foi cuberta por persoal técnico deportivo. Destaca que na provincia de Ourense participou a persoa que ostenta a Alcaldía en maior medida que no resto dos casos, e nas provincias de Lugo e Pontevedra, o Concelleiro/a de deportes. Ao fixarse no tamaño do municipio, nos concellos pequenos a enquisa foi cuberta en maior medida polo Alcalde ou Alcaldesa, e nos medianos polo Concelleiro/a.

Gráfico 3. Distribución da mostra por cargo da persoa que cubre o cuestionario






Gráfico 4. Porcentaxe de distribución da mostra por cargo en función da provincia




**Gráfico 5.** Porcentaxe de distribución da mostra por cargo en función da provincia en función do tamaño



#### 4.4. Distribución da mostra segundo o sexo da persoa que cubre o cuestionario

Case o 80% das persoas que participaron nesta enquisa eran homes, o que pon de manifesto a baixa presenza de mulleres nos cargos relacionados co eido deportivo. Sen embargo, ao revisar a vinculación entre o cargo desempeñado e o sexo das persoas participantes, non se atopa ningunha relación entre estas dúas variables, polo que as porcentaxes seguen sendo moi similares ás do total da mostra.

**Gráfico 6.** Distribución da mostra por sexo



**Táboa 4.** Comparación porcentaxe segundo sexo e cargo

Sexo	% Total	% Concelleiro/a	% Alcalde/Alcaldesa	% Técnico/a deportivo
Home	78,4	74,2	86,7	78,6
Muller	21,6	25,8	13,3	21,4
<b>Total</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>




## 5. CARACTERÍSTICAS PROFESIONAIS DO POSTO DE PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO

### 5.1 Existencia dun posto de traballo de persoal técnico deportivo

En pouco máis da metade dos municipios participantes neste estudo existe algún posto de persoal técnico deportivo, atopándose unha relación significativa entre a existencia deste posto e a provincia de pertenza (V de Cramer = 0,480; coeficiente de continxencia = 0,433;  $p < 0,05$ ). Deste xeito, na maioría de municipios da provincia da Coruña existe persoal técnico deportivo (78,0%), mentres que os municipios ourensáns que dispoñen deste posto son menos do esperable, resultando destacable que só existe persoal técnico deportivo nun 18,2% dos concellos desta provincia que participaron no estudo.

**Gráfico 7.** Municipios nos que existe persoal técnico deportivo




**Táboa 5.** Existencia de persoal técnico deportivo municipal segundo a provincia

Existencia persoal técnico deportivo municipal		Provincia				
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Si	% provincia	78,0	42,9	18,2	42,9	56,0
	Residuos corrixidos	4,8	-1,1	-4,0	-1,3	
Non	% provincia	22,0	57,1	81,8	57,1	44,0
	Residuos corrixidos	-4,8	1,1	4,0	1,3	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>


## 5. CARACTERÍSTICAS PROFESIONAIS DO POSTO DE PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO

**Gráfico 8.** Porcentaxe de municipios nos que existe persoal técnico deportivo municipal segundo a provincia



Por outra parte, falando en termos cuantitativos, o número total de postos de persoal técnico deportivo de todos os concellos que participaron neste estudo é de 90. Destes, a maioría pertencen á provincia da Coruña (62,2%), sendo a provincia de Ourense a que ten menos persoal técnico deportivo (5,6%).

**Gráfico 9.** Porcentaxe de postos de persoal técnico deportivo municipal segundo a provincia




## 5. CARACTERÍSTICAS PROFESIONAIS DO POSTO DE PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO

Ademais, tamén se atopou unha relación significativa entre a existencia de persoal técnico deportivo e o tamaño do municipio. Así, os municipios de pequeno tamaño soen ter menos postos deste tipo, mentres que o número de concellos medianos que conta con persoal deportivo é maior ao agardado (V de Cramer = 0,267; coeficiente de continxencia = 0,258;  $p < 0,05$ ). Desta forma, máis do 70% dos municipios de entre 5.000 e 20.000 habitantes dispoñen de persoal deportivo, por só un 43% dos concellos pequenos.

**Táboa 6.** Existencia de persoal técnico deportivo municipal segundo o tamaño

Existencia persoal técnico deportivo municipal		Tamaño			
		Menos de 5.000 habitantes	Entre 5.000 e 20.000 habitantes	Máis de 20.000 habitantes	Total
Si	% tamaño	43,1	71,1	61,5	56,0
	Residuos corrixidos	-2,8	2,6	0,4	
Non	% tamaño	56,9	28,9	38,5	44,0
	Residuos corrixidos	2,8	-2,6	-0,4	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>


**Gráfico 10.** Porcentaxe de municipios nos que existe persoal técnico deportivo municipal segundo o tamaño



## 5. CARACTERÍSTICAS PROFESIONAIS DO POSTO DE PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO

Por último, en canto ao reparto do total de postos en base ao tamaño de municipio, a meirande parte dos mesmos concéntranse nos concellos de mediano tamaño (61,5%).

**Gráfico 11.** Porcentaxe de postos de persoal técnico deportivo municipal segundo o tamaño do municipio




### 5.2. Grupo ou clasificación profesional do persoal técnico deportivo

Dado que só o 56% dos municipios que participaron neste estudo contan con persoal técnico deportivo, esta pregunta foi contestada por estes 65 concellos. Nestes municipios, o máis habitual é que existan postos do grupo A2 (37,5%) ou do grupo C1 (31,9%). En xeral, o grupo menos habitual nos municipios participantes é o C2.

Do mesmo xeito, o número de postos destes grupos tamén é o máis numeroso. Así, dos 90 postos de persoal técnico deportivo total, un 40% correspóndese ao grupo C1 e máis dun 30% ao grupo A2. Neste caso, o grupo C2 tamén é o menos numeroso, con só o 3,3% dos postos de persoal técnico deportivo existentes.

## 5. CARACTERÍSTICAS PROFESIONAIS DO POSTO DE PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO


**Gráfico 12.** Porcentaxe de municipios nos que existen postos de cada grupo e porcentaxe do total de postos de cada grupo existentes



Ademais, existe unha relación significativa entre o tipo de posto e a provincia de pertenza do municipio. Así, a probabilidade de que existan postos do grupo A2 é maior na provincia da Coruña (V de Cramer = 0,364; coeficiente de continxencia = 0,342;  $p < 0,05$ ), e os postos C2 son máis habituais na provincia de Lugo (V de Cramer = 0,295; coeficiente de continxencia = 0,283;  $p < 0,05$ ). A nivel cuantitativo, o test de Kruskal-Wallis indica que existen diferenzas significativas no número de postos existentes do grupo C1 en base á provincia de pertenza ( $\chi^2_3 = 7,9320$ ;  $p < 0,05$ ), e ao aplicar a proba de Mann-Whitney identifícase que estas diferenzas están entre as provincias da Coruña e de Pontevedra ( $Z = -2,511$ ;  $p < 0,05$ ), sendo esta última onde soe haber máis postos do grupo C1. No caso dos postos C2 tamén se atopan diferenzas significativas ( $\chi^2_3 = 17,405$ ;  $p < 0,05$ ), en concreto entre as provincias da Coruña e Lugo ( $Z = -3,955$ ;  $p < 0,05$ ), en favor da provincia lucense; e entre A Coruña e Ourense ( $Z = -3,391$ ;  $p < 0,05$ ), en favor de Ourense.


## 5. CARACTERÍSTICAS PROFESIONAIS DO POSTO DE PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO

**Gráfico 13.** Porcentaxe de postos de persoal técnico deportivo segundo o seu grupo profesional e provincia



No referido á relación entre a existencia de postos dun determinado grupo profesional e o tamaño do municipio, atopáronse diferenzas significativas no caso do grupo A1: a probabilidade que existan prazas deste tipo é maior nos concellos máis grandes (V de Cramer = 0,251; coeficiente de continxencia = 0,244;  $p < 0,05$ ).


**Gráfico 14.** Porcentaxe de postos de persoal técnico deportivo segundo o seu grupo profesional e tamaño do municipio



### 5.3. Titulación académica do persoal técnico deportivo

Do mesmo xeito que no apartado anterior, só contestaron a esta pregunta 65 concellos, que son os que dispoñen de persoal técnico deportivo. Das 90 persoas nestes postos, máis do 60% ten formación universitaria na área de ciencias da actividade física e o deporte, sendo máis habitual a licenciatura en Educación Física que a licenciatura ou grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte (CCAFD). No caso da formación profesional no eido do deporte, está presente en case 26% dos casos, sendo na maioría deles de grao superior. Por último, hai máis dun 10% de persoas que teñen titulacións non relacionadas co deporte, destacando entre elas a diplomatura en Maxisterio ou as licenciaturas en Xeografía ou en Belas Artes, entre outras.


**Gráfico 15.** Porcentaxe de persoal técnico deportivo segundo a súa titulación académica



Analizando a existencia ou non de persoas con devanditas titulacións nos postos de cada provincia, compróbase que o grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte está máis presente do esperado na provincia da Coruña ( $V$  de Cramer = 0,315; coeficiente de continxencia = 0,301;  $p < 0,05$ ). No resto das titulacións non se atopa relación coa a provincia de pertenza do municipio.


## 5. CARACTERÍSTICAS PROFESIONAIS DO POSTO DE PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO

**Gráfico 16.** Porcentaxe de persoal técnico deportivo segundo a súa titulación académica e provincia



No referido á relación entre a determinada titulación académica e o tamaño do municipio, compróbase que nos municipios de tamaño mediano hai maior probabilidade de que haxa persoal con formación non deportiva ( $V$  de Cramer = 0,299; coeficiente de continxencia = 0,286;  $p < 0,05$ ).

**Gráfico 17.** Porcentaxe de persoal técnico deportivo segundo a súa titulación académica e tamaño do municipio






## 6. FORMA DE XESTIÓN EMPREGADA

No referido ao modo de xestión empregado, practicamente en todos os municipios lévase a cabo unha xestión directa (95,7% do total). Na seguinte gráfica amósanse as porcentaxes de uso de cada tipo de xestión. Para a súa interpretación, cómpre ter en conta que nos municipios pode levarse a cabo máis dunha forma de xestión á vez.

**Gráfico 18.** Porcentaxe de uso dos diferentes tipos de xestión (resposta múltiple)



Non se atopou ningunha relación significativa entre o tipo de xestión empregado e a provincia de pertenza do municipio. Sen embargo, comprobouse que o tamaño do municipio si ten relación co uso da xestión indirecta, sendo esta máis frecuente nos concellos máis grandes, e estando menos presente do agardado nos concellos máis pequenos ( $V$  de Cramer = 0,358; coeficiente de continxencia = 0,337;  $p < 0,05$ ).

**Táboa 7.** Diferenzas no emprego da xestión indirecta segundo o tamaño do municipio

Xestión indirecta		Tamaño			
		Menos de 5.000 habitantes	Entre 5.000 e 20.000 habitantes	Máis de 20.000 habitantes	Total
Si	% tamaño	8,6	26,7	53,8	20,7
	Residuos corrixidos	-3,2	1,3	3,1	
Non	% tamaño	91,4	73,3	46,2	79,3
	Residuos corrixidos	3,2	-1,3	-3,1	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

Pola súa parte, tampouco se atopou unha relación significativa entre o tipo de xestión empregada e a existencia de persoal técnico deportivo municipal, nin entre o tipo de xestión e o grupo ou a titulación académica do persoal. Con todo, si se observa unha tendencia que relaciona un menor uso da xestión indirecta cando hai algún posto do grupo A1 nos municipios que cando non o hai (V de Cramer = 0,156; coeficiente de continxencia = 0,154;  $p < 0,10$ ).

En canto á outro tipo de xestión, que na maioría dos casos se corresponde cunha xestión a través de contrato de servizos, non se atopou vinculación coa provincia, co tamaño, coa existencia de persoal deportivo municipal, nin coa súa titulación académica. No referido ao grupo profesional, observouse certa tendencia que indica que os concellos que contan con persoal C2 optan máis a miúdo por este tipo de xestión que os concellos que non dispoñen de persoal deste grupo (V de Cramer = 0,156; coeficiente de continxencia = 0,154;  $p < 0,10$ ).

### 6.1. Tipos de xestión directa do deporte

En canto ás opcións de xestión directa nos municipios, estas abarcaban a xestión directa pola propia entidade local, a xestión directa a través dun organismo autónomo local, a xestión directa desde unha sociedade mercantil local cuxo capital sexa de

**Táboa 8.** Diferenzas no emprego da xestión indirecta segundo o grupo (A1)


Xestión indirecta		Categoría A1		
		Si	Non	Total
Si	% categoría A1	38,5	18,4	20,7
	Residuos corrixidos	1,7	-1,7	
Non	% categoría A1	61,5	81,6	79,3
	Residuos corrixidos	-1,7	1,7	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

**Táboa 9.** Diferenzas no emprego da xestión indirecta segundo o grupo (C2)

Outro tipo de xestión		Categoría C2		
		Si	Non	Total
Si	% categoría C2	33,3	7,1	7,8
	Residuos corrixidos	1,7	-1,7	
Non	% categoría C2	66,7	92,9	92,2
	Residuos corrixidos	-1,7	1,7	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

titularidade pública e a xestión directa a través dunha entidade pública empresarial. A opción máis repetida nos concellos participantes neste estudo é a xestión directa pola propia entidade local (90,5%), destacando que en ningún caso se emprega unha xestión directa desde unha sociedade mercantil local, cuxo capital sexa de titularidade pública.

**Gráfico 19.** Porcentaxe de uso dos diferentes tipos de xestión directa (resposta múltiple)




Ao comparar estes resultados segundo a provincia de pertenza de cada municipio, só se atopan diferenzas significativas na xestión directa a través dun organismo autónomo local ( $V$  de Cramer = 0,355; coeficiente de continxencia = 0,335;  $p < 0,05$ ). Deste xeito, hai máis probabilidades de atopar este tipo de xestión na provincia de Pontevedra, e na da Coruña está menos presente do agardado. Con todo, a xestión directa pola propia entidade local segue sendo a opción máis frecuente en todas as provincias, destacando que en todos os concellos da provincia de Lugo que participaron neste estudo fan uso dela.

**Táboa 10.** Diferenzas no emprego da xestión directa a través de organismo autónomo local segundo a provincia


Xestión directa a través de organismo autónomo local		Provincia				
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Si	% provincia	1,7	0,0	4,5	23,8	6,0
	Residuos corrixidos	-2,0	-1,0	-0,3	3,8	
Non	% provincia	98,3	100,0	95,5	76,2	94,0
	Residuos corrixidos	2,0	1,0	0,3	-3,8	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

**Gráfico 20.** Porcentaxe de uso dos diferentes tipos de xestión directa segundo a provincia (resposta múltiple)



Nos casos do tamaño do municipio, da existencia de persoal técnico deportivo e do seu grupo profesional, non se atoparon diferenzas significativas no tipo de xestión directa empregada.

**Gráfico 21.** Porcentaxe de uso dos diferentes tipos de xestión directa segundo o tamaño do municipio (resposta múltiple)



Pola contra, si se identificou unha tendencia a un menor uso da xestión directa pola propia entidade local cando existe persoal coa licenciatura en Educación Física que cando non existe (V de Cramer = 0,179; coeficiente de continxencia = 0,177;  $p < 0,10$ ).


**Táboa 11.** Diferenzas no emprego da xestión directa por organismo autónomo local segundo a titulación académica

Xestión directa por organismo autónomo local		Licenciatura en Educación Física		
		Si	Non	Total
Si	% Lic. Educación Física	82,4	93,9	90,5
	Residuos corrixidos	-1,9	1,9	
Non	% Lic. Educación Física	17,6	6,1	9,5
	Residuos corrixidos	1,9	-1,9	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

### 6.2. Figuras xurídicas empregadas na xestión indirecta do deporte

Neste apartado cómpre lembrar que a porcentaxe de municipios que realizan unha xestión indirecta do deporte é do 20,7% do total da mostra, polo que a continuación amósanse os resultados en base aos 24 concellos que refiren facer uso deste tipo de xestión. As figuras xurídicas polas que se preguntaba na enquisa eran o arrendamento, a concesión, o concerto e a sociedade mercantil. Sendo esta tamén unha pregunta de resposta múltiple, compróbase que a gran maioría dos municipios que empregan a xestión indirecta fano a través da concesión (83,3%). Destaca que non hai ningún caso de xestión a través de arrendamento ou concerto.

**Gráfico 22.** Porcentaxe de uso dos diferentes tipos de xestión indirecta (resposta múltiple)




En canto á relación dos diferentes tipos de xestión indirecta coas variables de provincia, tamaño, existencia de persoal técnico deportivo e o seu grupo profesional e titulación académica, non se atoparon diferenzas significativas. Só se atopou certa tendencia que sinala que os municipios da provincia de Ourense empregan xestión indirecta a través do concerto máis do que sería agardado (V de Cramer = 0,553; coeficiente de continxencia = 0483;  $p < 0,10$ ). De feito, é a única provincia na que está presente esta figura xurídica.

**Táboa 12.** Diferenzas no emprego da xestión indirecta a través de concerto en función da provincia

Xestión indirecta a través de concerto		Provincia				
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Si	% provincia	0,0	0,0	33,3	0,0	4,2
	Residuos corrixidos	-1,2	-0,2	2,7	-0,6	
Non	% provincia	100,0	100,0	66,7	100,0	95,8
	Residuos corrixidos	1,2	0,2	-2,7	0,6	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

**Gráfico 23.** Porcentaxe de uso dos diferentes tipos de xestión indirecta segundo a provincia (resposta múltiple)



### 6.3. Ámbitos nos que se emprega a xestión indirecta do deporte

Tendo en conta de novo que a xestión indirecta só se emprega no 20,7% dos municipios que participaron neste estudo, destas a gran maioría úsana na xestión das instalacións (91,7%), mentres que a metade tamén a emprega para a xestión das actividades deportivas.

Neste sentido, salienta que os concellos máis pequenos fan un uso menor da xestión indirecta das instalacións do que cabería agardar estatisticamente ( $V$  de Cramer = 0,588; coeficiente de continxencia = 0,507;  $p < 0,05$ ). Ademais, hai certa tendencia, aínda que non chega a ser significativa, a que os municipios que contan con persoal técnico deportivo sexan os que máis empregan a xestión indirecta das instalacións ( $V$  de Cramer = 0,389; coeficiente de continxencia = 0,363;  $p < 0,10$ ). Pola contra, non se atoparon diferenzas significativas na xestión indirecta das instalacións deportivas en función da provincia nin do grupo profesional e a titulación académica do persoal técnico deportivo.

**Táboa 13.** Diferenzas no emprego da xestión indirecta das instalacións deportivas segundo o tamaño do municipio

Xestión indirecta das instalacións deportivas		Tamaño			
		Menos de 5.000 habitantes	Entre 5.000 e 20.000 habitantes	Máis de 20.000 habitantes	Total
Si	% tamaño	60,0	100,0	100,0	91,7
	Residuos corrixidos	-2,9	1,5	0,9	
Non	% tamaño	40,0	0,0	0,0	8,3
	Residuos corrixidos	2,9	-1,5	-0,9	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

**Táboa 14.** Diferenzas no emprego da xestión indirecta das instalacións deportivas segundo a existencia de persoal técnico deportivo

Xestión indirecta das instalacións deportivas		Persoal técnico deportivo		
		Si	Non	Total
Si	% persoal técnico	82,4	93,9	90,5
	Residuos corrixidos	-1,9	1,9	
Non	% persoal técnico	17,6	6,1	9,5
	Residuos corrixidos	1,9	-1,9	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

No relativo ás actividades deportivas, non se atopou relación significativa con ningunha das variables estudadas.






## 7. PLANIFICACIÓN DO DEPORTE

### 7.1. Plan estratéxico

A gran maioría de municipios indican non dispoñer de Plan Estratéxico na actualidade (80,2%). Con todo, o 70,7% destes concellos considera que si debería telo. Por outra parte, hai un 12,9% dos municipios que se atopan en proceso da súa elaboración.

**Gráfico 24.** Existencia de Plan Estratéxico no municipio




A existencia deste plan non parece ter relación coa provincia de pertenza do municipio, máis si se atopa certa tendencia en relación co tamaño (aínda que non chega a ser significativa): os municipios máis pequenos son os que consideran máis habitualmente que ter Plan Estratéxico non é necesario, mentres os medianos cren que si deberían telo, aínda que actualmente non o teñen (V de Cramer = 0,219; coeficiente de continxencia = 0,296;  $p < 0,10$ ).

**Táboa 15.** Diferenzas na existencia de Plan Estratéxico segundo o tamaño do municipio

Existencia de Plan Estratéxico		Tamaño			
		Menos de 5.000 habitantes	Entre 5.000 e 20.000 habitantes	Máis de 20.000 habitantes	Total
<b>Si existe</b>	% tamaño	5,2	6,7	15,4	6,9
	Residuos corrixidos	-0,7	-0,1	1,3	
<b>En proceso de elaboración</b>	% tamaño	12,1	11,1	23,1	12,9
	Residuos corrixidos	-0,3	-0,5	1,2	
<b>Non existe, pero cren que debería</b>	% tamaño	65,5	80,0	61,5	70,7
	Residuos corrixidos	-1,2	1,8	-0,8	
<b>Non existe nin cren que debería</b>	% tamaño	17,2	2,2	0,0	9,5
	Residuos corrixidos	2,9	-2,1	-1,2	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

**Gráfico 25.** Porcentaxe de existencia de Plan Estratéxico segundo o tamaño do municipio



Por outra parte, tamén se identificou unha tendencia a que nos municipios con persoal deportivo A1 exista Plan Estratéxico, por riba do que cabería agardar (V de Cramer = 0,254; coeficiente de continxencia = 0,247;  $p < 0,10$ ).

**Táboa 16.** Diferenzas na existencia de Plan Estratéxico segundo o grupo profesional


Existencia de Plan Estratéxico		Categoría A1		
		Si	Non	Total
<b>Si existe</b>	% categoría A1	23,1	4,9	6,9
	Residuos corrixidos	2,4	-2,4	
<b>En proceso de elaboración</b>	% categoría A1	0,0	14,6	12,9
	Residuos corrixidos	-1,5	1,5	
<b>Non existe, pero cren que debería</b>	% categoría A1	69,2	70,9	70,7
	Residuos corrixidos	-0,1	0,1	
<b>Non existe nin cren que debería</b>	% categoría A1	7,7	9,7	9,5
	Residuos corrixidos	-0,2	0,2	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

### 7.2. Plan director de actividades e servizos deportivos

Só nunha cuarta parte dos municipios participantes neste estudo existe Plan director de actividades e servizos deportivos ou están en proceso da súa elaboración (25,0%). Pola contra, a maioría de concellos considera que si o deberían ter, pero non dispoñen del na actualidade (62,9%).

A existencia deste Plan non se relaciona coa provincia de pertenza, pero si se atoparon diferenzas significativas en canto ao tamaño do municipio ( $V$  de Cramer = 0,235; coeficiente de continxencia = 0,316;  $p < 0,05$ ).

**Gráfico 26.** Existencia de Plan director de actividades e servizos deportivos




Do mesmo xeito que no caso do Plan Estratéxico, respecto aos valores agardados, os concellos máis pequenos non ven necesario a existencia deste Plan, e os medianos consideran que si deberían telo.

**Táboa 17.** Diferenzas na existencia de Plan director de actividades e servizos deportivos segundo o tamaño do municipio

Plan director de actividades e servizos deportivos		Tamaño			
		Menos de 5.000 habitantes	Entre 5.000 e 20.000 habitantes	Máis de 20.000 habitantes	Total
<b>Si existe</b>	% tamaño	8,6	11,1	7,7	9,5
	Residuos corrixidos	-0,3	0,5	-0,2	
<b>En proceso de elaboración</b>	% tamaño	17,2	8,9	30,8	15,5
	Residuos corrixidos	0,5	-1,6	1,6	
<b>Non existe, pero cren que debería</b>	% tamaño	53,4	75,6	61,5	62,9
	Residuos corrixidos	-2,1	2,2	-0,1	
<b>Non existe nin cren que debería</b>	% tamaño	20,7	4,4	0,0	12,1
	Residuos corrixidos	2,9	-2,0	-1,4	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

**Gráfico 27.** Porcentaxe de existencia de Plan director de actividades e servizos deportivos segundo o tamaño do municipio



En canto á relación co resto de variables estudadas, só se identifica certa tendencia a que nos municipios con persoal técnico deportivo exista este plan ou estea en proceso da súa elaboración (V de Cramer = 0,254; coeficiente de continxencia = 0,246;  $p < 0,10$ ).


**Táboa 18.** Diferenzas na existencia de Plan director de actividades e servizos deportivos segundo a existencia de persoal técnico deportivo

Existencia de Plan director de actividades e servizos deportivos		Existencia de persoal técnico deportivo		
		Si	Non	Total
<b>Si existe</b>	% persoal deportivo	12,3	5,9	9,5
	Residuos corrixidos	1,2	-1,2	
<b>En proceso de elaboración</b>	% persoal deportivo	10,1	7,9	18,0
	Residuos corrixidos	1,5	-1,5	
<b>Non existe, pero cren que debería</b>	% persoal deportivo	61,5	64,7	62,9
	Residuos corrixidos	-0,4	0,4	
<b>Non existe nin cren que debería</b>	% persoal deportivo	6,2	19,6	12,1
	Residuos corrixidos	-2,2	2,2	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

### 7.3. Plan director de instalacións deportivas

De novo, na maioría de municipios que participaron neste estudo non existe Plan director de instalacións deportivas (77,6%), aínda que máis do 60% destes concellos consideran que si deberían telo. A existencia deste plan ten relación coa provincia de pertenza do municipio, estando en vigor ou en proceso de elaboración en máis concellos dos agardados na provincia de Pontevedra.

**Gráfico 28.** Existencia de Plan director de instalacións deportivas




Destaca tamén que na provincia de Ourense hai máis concellos dos agardados que non ven necesaria a existencia deste plan (V de Cramer = 0,235; coeficiente de continxencia = 0,377;  $p < 0,05$ ).

**Táboa 19.** Diferenzas na existencia de Plan director de instalacións deportivas segundo a provincia

Plan director de instalacións deportivas		Provincia				
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Si existe	% provincia	3,4	7,1	4,5	14,3	6,0
	Residuos corrixidos	-1,2	0,2	-0,3	1,8	
En proceso de elaboración	% provincia	18,6	0,0	9,1	28,6	16,4
	Residuos corrixidos	0,7	-1,8	-1,0	1,7	
Non existe, pero cren que debería	% provincia	67,8	78,6	50,0	52,4	62,9
	Residuos corrixidos	1,1	1,3	-1,4	-1,1	
Non existe nin cren que debería	% provincia	10,2	14,3	36,4	4,8	14,7
	Residuos corrixidos	-1,4	0,0	3,2	-1,4	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

**Gráfico 29.** Porcentaxe de existencia de Plan director de instalacións deportivas segundo a provincia




En canto ao tamaño do municipio, hai certa tendencia (sen chegar a ser significativa) que sinala que os municipios máis pequenos son os que máis a miúdo non ven necesaria a existencia deste plan, que os medianos entenden que é necesario pero non o teñen, e que os grandes están en proceso da súa elaboración (V de Cramer = 0,222; coeficiente de continxencia = 0,300; p < 0,10).

**Táboa 20.** Diferenzas na existencia de Plan director de instalacións deportivas segundo o tamaño do municipio

Plan director de instalacións deportivas		Tamaño			
		Menos de 5.000 habitantes	Entre 5.000 e 20.000 habitantes	Máis de 20.000 habitantes	Total
Si existe	% tamaño	3,4	8,9	7,7	6,0
	Residuos corrixidos	-1,2	1,0	0,3	
En proceso de elaboración	% tamaño	15,5	13,3	30,8	16,4
	Residuos corrixidos	-0,3	-0,7	1,5	
Non existe, pero cren que debería	% tamaño	56,9	71,1	61,5	62,9
	Residuos corrixidos	-1,3	1,5	-0,1	
Non existe nin cren que debería	% tamaño	24,1	6,7	0,0	14,7
	Residuos corrixidos	2,9	-1,9	-1,6	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

**Gráfico 30.** Porcentaxe de existencia de Plan director de instalacións deportivas segundo o tamaño do municipio



Por outra parte, atopouse unha relación significativa entre a existencia deste plan e a existencia de persoal técnico deportivo (V de Cramer = 0,272; coeficiente de continxencia = 0,262;  $p < 0,05$ ), no sentido de que os municipios que contan con persoal deportivo dispoñen de plan director de instalacións ou están en proceso da súa elaboración en maior medida do agardado, e que os concellos que non teñen persoal deportivo non lle dan importancia á existencia deste plan.

**Táboa 21.** Diferenzas na existencia de Plan director de instalacións deportivas segundo a existencia de persoal técnico deportivo

Existencia de Plan director de instalacións deportivas		Existencia de persoal técnico deportivo		
		Si	Non	Total
<b>Si existe</b>	% persoal deportivo	9,2	2,0	6,0
	Residuos corrixidos	1,6	-1,6	
<b>En proceso de elaboración</b>	% persoal deportivo	20,0	11,8	16,4
	Residuos corrixidos	1,2	-1,2	
<b>Non existe, pero cren que debería</b>	% persoal deportivo	40,9	32,1	62,9
	Residuos corrixidos	0,0	0,0	
<b>Non existe nin cren que debería</b>	% persoal deportivo	7,7	23,5	14,7
	Residuos corrixidos	-2,4	2,4	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>







## 8. REDE DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

### 8.1. Adecuación da cantidade de instalacións e equipamentos deportivos ás necesidades da poboación

No referido á adecuación da cantidade de instalacións e equipamentos deportivos ás necesidades da poboación do municipio, a maioría de concellos consideran que esta é adecuada (45,7%), pero a mesma porcentaxe indica que é suficiente ou escasa. Non se atopou ningunha relación na adecuación da cantidade de instalacións e equipamentos deportivos dos municipios en función da provincia, do tamaño dos concellos, da existencia de persoal deportivo municipal nin da súa titulación académica. Non obstante, detectouse unha relación significativa coa existencia de persoal deportivo municipal do grupo A1, no sentido de que os concellos que contan con estes postos valoran máis habitualmente que a rede de instalacións e equipamentos deportivos é insuficiente ( $V$  de Cramer = 0,304; coeficiente de continxencia = 0,291;  $p < 0,05$ ).

**Gráfico 31.** Adecuación da cantidade de instalacións e equipamentos deportivos ás necesidades da poboación



## 8. REDE DE INSTALACIÓN E EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS


**Táboa 22.** Diferenzas na valoración da adecuación da cantidade de instalacións e equipamentos deportivos segundo o grupo profesional

Adecuación da cantidade de instalacións e equipamentos deportivos		Categoría A1		
		Si	Non	Total
<b>Insuficiente</b>	% categoría A1	53,8	16,5	20,7
	Residuos corrixidos	3,1	-3,1	
<b>Escasa</b>	% categoría A1	23,1	25,2	25,0
	Residuos corrixidos	-0,2	0,2	
<b>Adecuada</b>	% categoría A1	23,1	48,5	45,7
	Residuos corrixidos	-1,7	1,7	
<b>Abundante</b>	% categoría A1	0,0	8,7	7,8
	Residuos corrixidos	-1,1	1,1	
<b>Excesiva</b>	% categoría A1	0,0	1,0	0,9
	Residuos corrixidos	-0,4	0,4	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

### 8.2. Estado e conservación das instalacións e espazos deportivos municipais

En canto ao estado e á conservación da rede de instalacións e equipamentos municipal, só un 6,0% dos concellos que participaron neste estudo consideran que teñen unha rede moderna e en bo estado. Sen embargo, só o 44,0% considera que as instalacións e equipamentos deportivos son adecuadas.

**Gráfico 32.** Estado e conservación das instalacións e espazos deportivos municipais



## 8. REDE DE INSTALACIÓN E EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

A resposta a esta pregunta unicamente está condicionada pola existencia nos municipios de persoal deportivo do grupo A2. Desta forma, son os concellos nos que existe persoal deste grupo os que máis valoran que as súas instalacións e equipamentos deportivos están obsoletas e necesitan melloras (V de Cramer = 0,300; coeficiente de continxencia = 0,287;  $p < 0,05$ ).

**Táboa 23.** Diferenzas na valoración do estado e da conservación das instalacións e equipamentos deportivos segundo o grupo profesional

Estado e conservacións das instalacións e equipamentos deportivos		Categoría A2		
		Si	Non	Total
<b>Obsoletas</b>	% categoría A2	22,2	6,7	10,3
	Residuos corrixidos	2,3	-2,3	
<b>Algo obsoletas</b>	% categoría A2	18,5	20,2	19,8
	Residuos corrixidos	-0,2	0,2	
<b>Adecuadas</b>	% categoría A2	22,2	50,6	44,0
	Residuos corrixidos	-2,6	2,6	
<b>Algo modernas</b>	% categoría A2	29,6	16,9	19,8
	Residuos corrixidos	1,5	-1,5	
<b>Modernas</b>	% categoría A2	7,4	5,6	6,0
	Residuos corrixidos	0,3	-0,3	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>




## 9. RECURSOS DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

### 9.1. Persoal deportivo municipal

Neste punto, os concellos valoraron a adecuación da cantidade de persoal deportivo municipal ás necesidades e demandas do concello. Case o 65% dos municipios indicaron que o plantel era insuficiente. Ademais, atopouse unha relación entre esta valoración e a provincia, sendo os municipios da provincia de Pontevedra os que máis habitualmente identificaron unha insuficiencia de persoal (V de Cramer = 0,307; coeficiente de continxencia = 0,294;  $p < 0,05$ ).

**Gráfico 33.** Adecuación da cantidade de persoal deportivo municipal ás necesidades e demandas do concello



**Táboa 24.** Diferenzas na valoración da adecuación da cantidade de persoal deportivo segundo a provincia

Cantidade de persoal deportivo municipal		Provincia				
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Insuficiente	% provincia	57,6	42,9	72,7	90,5	64,7
	Residuos corrixidos	-1,6	-1,8	0,9	2,7	
Suficiente	% provincia	42,9	57,1	27,3	9,5	35,3
	Residuos corrixidos	1,6	1,8	-0,9	-2,7	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

No referido á relación entre a cantidade de persoal na área de deportes e o tamaño do municipio, identifícase certa tendencia sen chegar a ser significativa: os municipios máis grandes tenden a consideran máis habitualmente que o persoal deportivo é insuficiente.

**Táboa 25.** Diferenzas na valoración da adecuación da cantidade de persoal deportivo segundo o tamaño do municipio

Cantidade de persoal deportivo municipal		Tamaño			
		Menos de 5.000 habitantes	Entre 5.000 e 20.000 habitantes	Máis de 20.000 habitantes	Total
Insuficiente	% tamaño	56,9	66,7	92,3	64,7
	Residuos corrixidos	-1,7	0,4	2,2	
Suficiente	% tamaño	43,1	33,3	7,7	35,3
	Residuos corrixidos	1,7	-0,4	-2,2	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

## 9.2. Orzamento

En canto ao orzamento dedicado ao servizo municipal de deportes, de novo na maior parte dos casos este considérase insuficiente (65,5%). Neste caso, non se atopa relación significativa con ningunha das variables do estudo, pero si se observa certa tendencia a que os concellos que dispoñen de persoal deportivo do grupo A2 valoren máis a miúdo que o orzamento da área de deportes é insuficiente ( $V$  de Cramer = 0,158; coeficiente de continxencia = 0,156;  $p < 0,10$ ).



**Táboa 26.** Diferenzas na valoración do orzamento dedicado ao servizo municipal de deportes segundo o grupo profesional

Orzamento dedicado ao servizo municipal de deportes		Categoría A2		
		Si	Non	Total
Insuficiente	% categoría A2	51,9	69,7	65,5
	Residuos corrixidos	-1,7	1,7	
Suficiente	% categoría A2	48,1	30,3	34,5
	Residuos corrixidos	1,7	-1,7	
<b>Total</b>		<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

## 10. NECESIDADES DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

En canto ás necesidades do servizo municipal de deportes, tendo en conta que a valoración era entre 1 e 5 puntos, sendo 1 “nada urxente” e 5 “moi urxente”, as opcións que obtiveron unha puntuación máis alta foron as actuacións de mellora, reforma e modernización das instalacións deportivas existentes e a dotación de equipamento deportivo, sendo estas diferenzas significativas con respecto ao resto de opcións ( $\chi^2_5 = 96,964$ ;  $p < 0,05$ ).


**Gráfico 34.** Puntuación media da valoración das necesidades do servizo municipal de deportes



## 10. NECESIDADES DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

Na comparación por provincias, atópase que os concellos da provincia de Pontevedra demandan en maior medida un aumento do persoal do servizo municipal de deportes ( $\chi^2_3 = 11,247$ ;  $p < 0,05$ ).


**Gráfico 35.** Puntuación media da valoración das necesidades do servizo municipal de deportes segundo a provincia



## 10. NECESIDADES DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

No referido á relación co tamaño do municipio, identificouse que os concellos máis grandes son os que sinalan unha maior urxencia no aumento do plantel da área de deportes ( $\chi^2_3 = 9,070$ ;  $p < 0,05$ ). Ademais, observouse certa tendencia a que tamén estes municipios sexan os que máis demandan a construción de novas instalacións deportivas ( $\chi^2_3 = 4,666$ ;  $p < 0,10$ ).

**Gráfico 36.** Puntuación media da valoración das necesidades do servizo municipal de deportes segundo o tamaño do municipio






## 10. NECESIDADES DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

Sobre a influencia da existencia de persoal deportivo municipal, esta está relacionada cunha maior urxencia nas actuacións de mellora, reforma e modernización das instalacións deportivas existentes ( $\chi^2_1 = 4,826$ ;  $p < 0,05$ ). Ademais, os municipios que posúen persoal na área de deportes sinalan unha urxencia menor no asesoramento e asistencia na planificación e xestión deportiva municipal ( $\chi^2_1 = 4,655$ ;  $p < 0,05$ ).

**Gráfico 37.** Puntuación media da valoración das necesidades do servizo municipal de deportes segundo a existencia de persoal deportivo



Sen embargo, tamén se atoparon diferenzas en base ao grupo profesional e á titulación académica deste persoal. Neste sentido, os concellos con persoal do grupo A1 ( $\chi^2_1 = 5,904$ ;  $p < 0,05$ ) ou co grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte ( $\chi^2_1 = 78,89$ ;  $p < 0,05$ ) consideran máis urxente a construción de novas instalacións deportivas. Pola contra, os municipios nos que hai persoal do grupo A2 ( $\chi^2_1 = 5,166$ ;  $p < 0,05$ ) ou coa licenciatura en Educación Física ( $\chi^2_1 = 4,722$ ;  $p < 0,05$ ) ven menos urxente o asesoramento

## 10. NECESIDADES DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

e asistencia na planificación e xestión deportiva municipal. Por último, os concellos con persoal sen formación do ámbito deportivo reclaman en maior medida, precisamente, formación para o persoal do servizo municipal de deportes ( $\chi_1^2 = 8,831$ ;  $p < 0,05$ ).

Entre as outras necesidades que indican os concellos, destacan as seguintes:

- Liñas de subvención para a construción e/ou mellora de instalacións deportivas, para a realización de melloras de eficiencia enerxética, e para a adquisición de equipamento deportivo
- Reorganización da xestión municipal do deporte
- Formación para persoal técnico dos clubs e entidades deportivas



## 11. CONCLUSIONES

### Características da mostra

- Detectáronse dificultades para aumentar a participación de concellos galegos neste estudo, no sentido de que existen municipios que non dispoñen dunha dirección de correo operativa de forma habitual. Tamén se identificou unha alta taxa de non resposta, a pesar de realizar diferentes envíos do cuestionario e contar co respaldo da FEGAMP na petición de participar neste estudo.
- Os niveis de participación máis altos relaciónanse cos concellos da provincia da Coruña e con municipios de tamaño mediano.
- Un número importante de concellos de menos de 5.000 habitantes conta con persoal técnico deportivo.
- A maior parte dos cargos de persoal deportivo están ocupados por homes. Con todo, a porcentaxe é similar á sinalada no informe da Asociación del Deporte Español (ADESP) sobre a presenza de mulleres nos cargos directivos e profesionais do deporte federado (4).

### Características profesionais do posto de persoal técnico deportivo

- Aínda existen moitos municipios que non contan con persoal deportivo, sobre todo na provincia de Ourense.
- Os grupos profesionais máis habituais son A2 e C1. O A2 está presente, en maior medida, na provincia da Coruña; e o C2 repártese maioritariamente entre A Coruña e Pontevedra.
- Gran parte de postos de persoal deportivo atópanse na provincia da Coruña, seguida da provincia de Pontevedra. Sen embargo, na provincia da Coruña as condicións laborais soen ser mellores, habendo máis postos do grupo A2; mentres que en Pontevedra destaca o grupo C1.

- Na maioría de municipios pequenos non existe persoal deportivo; e a porcentaxe de concellos medianos que dispoñen deste persoal é maior nos municipios medianos que nos grandes.
- Máis da metade do persoal deportivo municipal conta con formación universitaria, sobresaíndo a licenciatura en Educación Física por riba do grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. De feito, hai máis persoas con titulación de FP superior que graduadas exercendo como técnicas de deportes.
- A maior parte das persoas graduadas desempeñan a súa función na provincia da Coruña.
- A maior parte das persoas con titulación non relacionada co ámbito do deporte exercen en concellos medianos.

### Forma de xestión empregada

- En practicamente todos os municipios lévase a cabo unha xestión directa do deporte en calquera das súas variantes, sendo predominante a xestión directa pola propia Entidade Local.
- Cando existe persoal licenciado en Educación Física, hai menos probabilidades de que se dea unha xestión directa por un organismo autónomo local (aínda que segue a ser a opción maioritaria).
- Hai máis probabilidade de que os concellos grandes ou con persoal do grupo C2 empreguen unha xestión indirecta. Sen embargo, en concellos con persoal do grupo A1, hai tendencia a un menor uso deste tipo de xestión.
- A porcentaxe de municipios que empregan a xestión indirecta é superior, por pouco, ao 20%. Deles, a gran maioría úsana para a xestión das instalacións deportivas, promovendo a colaboración público-privada con empresas ou entidades deportivas. Sen embargo, os concellos pequenos soen xestionar as súas instalacións deportivas de forma directa.
- En canto ás formas de xestión indirecta, a figura máis empregada é a concesión. Destaca tamén que na provincia de Ourense emprégase a figura de concerto, a cal non está presente nos outros territorios.

### Planificación do deporte

- Máis do 80% dos municipios non contan cun Plan Estratégico en materia deportiva, aínda que consideran importante telo, sobre todo os concellos de mediano tamaño.
- Da mesma forma, a maioría dos municipios participantes non dispoñen de Plan director de actividades e servizos deportivos nin de Plan de instalacións deportivas, aínda que en gran parte dos casos continúan sinalando que os ven necesarios, sobre todo nos municipios medianos.
- No caso do Plan de instalacións deportivas, hai tendencia a que os concellos que contan con persoal deportivo dispoñan deste plan ou estean en proceso da súa elaboración. Isto salienta a labor do persoal de deportes nunha xestión deportiva acorde ás necesidades da cidadanía e dos concellos.
- A falta de planificación deportiva nos concellos galegos, ligada á valoración da súa necesidade, pon de manifesto a necesidade de elaborar políticas públicas en termos supramunicipais que contribúan a acadar unha xestión deportiva de calidade nos concellos galegos.

### Rede de instalacións deportivas

- Máis do 40% dos municipios valoran que a súa rede de instalacións e equipamentos deportivos é insuficiente ou escasa, e realizan demandas para a súa mellora ou para a construción de novos espazos deportivos.
- Un terzo dos concellos sinalan que as súas instalacións e equipamentos deportivos non están nun estado adecuado, e polo tanto sería necesario implementar accións para a súa mellora, conservación e/ou renovación.
- Estes resultados non dependen da provincia nin do tamaño do municipio, polo que poñen de manifesto a urxencia dun Plan xeral de infraestruturas e equipamento deportivos, *“do que deberá informarse oportunamente ao Parlamento de Galicia”*, segundo dispón o artigo 78.1 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia. O apartado 2 do mesmo artigo

sinala que "*Correspóndelle á Administración autonómica a redacción e aprobación deste plan*". O Plan permitirá avaliar a situación actual do parque de instalacións deportivas en toda a comunidade e proceder á súa modernización e adecuación ás necesidades e demandas actuais da poboación galega.

### Recursos do servizo municipal de deportes

- Case dous terzos dos concellos cren que deberían contar con máis persoal deportivo para facer fronte ás demandas da veciñanza, sobre todo nos municipios das provincias de Ourense e Pontevedra.
- A maioría de municipios tamén considera que o orzamento destinado a deportes é insuficiente, polo que se reflicte unha demanda de maior atención a este ámbito por parte das corporacións locais; e tamén unha maior aportación das administracións supramunicipais en termos de axudas e subvencións para os aspectos máis solicitados.

### Necesidades do servizo municipal de deportes

- Os concellos consideran prioritario a posta en marcha de accións encamiñadas á mellora, reforma e modernización das instalacións deportivas existentes e a dotación de equipamento deportivo. Demanda que se podería satisfacer, como se comentou con anterioridade, coa creación e posta en marcha do Plan xeral de infraestruturas e equipamento deportivos que contempla a Lei galega do deporte.
- Con todo, os municipios da provincia de Pontevedra, e tamén os de maior tamaño, demandan en maior medida a urxencia do aumento do plantel da área de deportes.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

1. Asociación de Gestores Deportivos Profesionales de la Comunidad Valenciana (GEPACV). Estudio sobre la situación actual del deporte municipal en los ayuntamientos de la Comunidad Valenciana; 2024.
2. Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2012-5596>.
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1985-5392>.
4. Asociación del Deporte Español (ADESP). Estudio preliminar sobre mujeres directivas y profesionales en el deporte federado español. 2022. <https://www.fagde.org/estudio-preliminar-sobre-mujeres-directivas-y-profesionales-en-el-deporte-federado-espanol>.



clúster industria  
DEPORTE GALEGO

2M

AGAXEDE  
ASOCIACIÓN GALEGA DE XESTIÓN DEPORTIVA



# INFORME SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DO DEPORTE NOS CONCELLOS GALEGOS

OBSERVATORIO GALEGO DO DEPORTE DO CLÚSTER GALEGO DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR